

ERASMUS + CONCEDIDO

Comprácenos anunciarlles que para o vindeiro curso académico foi concedido o proxecto de Erasmus+:

"CLICK and CLIL, na procura da chiscadela".

En este proxecto, no cal participaremos xunto con 4 colexios e institutos da contorna, os mestres Alejandro Varela e Rocío Souto terán 3 estancias repartidas ao longo de ano e medio en diferentes países da Unión Europea (estando estes pendentes de determinar). O proxecto ten como obxectivo a mellora da competencia lingüística así como da metodoloxía CLIL (metodoloxía bilingüe utilizada nas materias de Educación Física e Educación Musical).

A continuación mostramos o enlace da resolución:

<http://www.sepie.es/convocatoria/resoluciones.html>

Para comezar a mergullarnos neste proxecto, o vindeiro domingo 26 de xuño o mestre Alejandro Varela viaxará a Murcia ao VI ENCONTRO NACIONAL DE PROXECTOS DE ACCIÓN CLAVE 1(KA1) MOVILIDADE PARA A APRENDIZAXE DO PERSOAL DE EDUCACIÓN ESCOLAR (KA101) E DE EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS (KA104).

VIAXAMOS A MURCIA PARA O VI ENCONTRO DE PROXECTOS ERASMUS KA101

Como xa citamos anteriormente, estivemos como representantes do proxecto aprobado no VI Encontro dos proxectos de Erasmus+ KA101 de Murcia.

Podemos dicir que foron días dunha gran carga de traballo e de tomar un pouco conciencia de todo o que implica formar parte dun proxecto tan ilusionante.

Os materiais do encontro podédelos atopar na seguinte ligazón buscando por xuño de 2019 e Murcia: <http://sepie.es/comunicacion/jornadas/index.html>

Un breve resumo do mesmo témolo no documento adxunto.

REUNIÓN INICIAL

O 3 de xullo, reuníronse no CAFI (Centro Autonómico de Formación e Innovación) os centros educativos participantes no proxecto (o CRA de Oroso, o CEIP Camiño Inglés, o IES nº1 de Ordes, o IES Maruxa Mallo e o CEIP Mesón do Vento), decidíronse os pasos a seguir e obxectivos a acadar, ao igual que se informou da programación das mobilidades.

No documento adxunto podedes ver a programación de todo o proxecto:



REUNIÓN PREPARATIVA DA PRIMEIRA MOBILIDADE: EDIMBURGO

O xoves 3 de Outubro despois das nosas clases, Rocío, Antonio e Álex desprazáronse ata o CAFI en Santiago de Compostela para acordar determinados aspectos desta primeira mobilidade. Cómpre salientar que o período que abrangue a viaxe será dende o sábado 19 ate o mércores 30 ambos incluídos e que comezaremos cun curso intensivo en Edimburgo e posteriormente mudaremos a Dundee para facer a observación directa en centros educativos.

A acta do acordado podemos vela abaixo.

PRESENTATION OF OUR SCHOOL TO THE SCHOOL PARTNERS

Como parte do noso proxecto Erasmus+, imos a presentar a nosa escola ás escolas que van a convidarnos a facer Job Shadowing (observación directa) nas súas aulas. Enjoy it!

Vídeo: https://www.youtube.com/watch?v=cWIVPF66jEY&feature=emb_logo

BOAS PRÁCTICAS PARA MOSTRAR NOS COLEXIOS ESTRANXEIROS

ALEX



ROCIO

<https://view.genial.ly/5da493aa5dc0da0f6c5f0f63/presentation-musica>

DIRECCIÓN EDIMBURGO

O pasado venres os mestres que participan no erasmus +, Rocío e Álex, realizaron unha presentación de Edimburgo para aos alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º, xa que este é o destino da súa primeira mobilidade (que terá lugar o 19 de outubro), nela puideron ver onde está localizada, pratos e deportes típicos así como a súa música tradicional de Edimburgo.

Presentación:

<https://view.genial.ly/5dc06b9e4c9dba0f659f3eab/presentation-diferencias-escola-galicia>

Vídeo explicando aos nenos:

https://www.youtube.com/watch?v=Yp-UwqJgeBA&feature=emb_logo

IMAXES DA PRIMEIRA MOBILIDADE A ESCOCIA

Unha vez rematada a mobilidade é momento para analizar todo o vivido e aprendido neste 11 días de activo traballo. Temos como proposta amosarlle ao alumnado e ao profesorado todo o que involucrou a nosa viaxe tanto a nivel persoal coma profesional (que vos podemos asegurar que foi impresionante). Aínda que as actividades da nosa academia se prolongaron moito no tempo e as estancias nos colexios foron moi intensas, sempre intentamos sacar un pouco de tempo para poder coñecer este fermoso país coa axuda de Ardemiro. Agardamos que vos guste!

Vídeo: https://www.youtube.com/watch?v=-xk_-pNDXPc&feature=emb_logo

REUNIÓN NO CAFI SOBRE PROXECTOS EUROPEOS

O mércores 13 de novembro ás 6 da tarde os integrantes do proxecto WINK (o noso proxecto) e o proxecto CAMINE (mestres da contorna de Melide) estiveron nunha ponencia sobre os proxectos europeos de Erasmus+.

Concretamente, mestres do IES de Salvaterra e un dos seus centros adscritos o CEP Carlos Casares estiveron explicándonos con todo detalle a súa experiencia en programas Erasmus+ e en particular o proxecto RUSH, que levan a cabo conxuntamente con centros Italianos e Croatas durante 3 anos, o cal ten por obxectivo o estudo de diversas linguas minoritarias.

Para saber máis sobre este proxecto podedes navegar pola seguinte páxina:

<https://rush.education/es/home/>

COMPARTINDO A NOSA EXPERIENCIA ERASMUS + COAS FAMILIAS DO CEIP MESÓN DO VENTO

O pasado luns 18 de novembro, aproveitamos que estivemos reunidos coas familias do cole para comentar como foi a nosa experiencia erasmus en Escocia, posto que as familias mostraron moito interese dende a nosa volta ao centro.

Tanto o mestre Álex coma a mestra Rocío comentaron diferentes aspectos importantes así como a estancia de cada un deles nos centros escoceses respectivos.

Moitas gracias a todas as familias por todo o interese mostrado!! :)

INFORMANDO AO ALUMNADO DA NOSA MOBILIDADE ERASMUS+ A ESCOCIA

O martes 19 de novembro fixemos unha charla informativa co alumnado de Educación Primaria sobre a nosa mobilidade de Erasmus+ a Escocia. @s participantes puideron ver fotos tanto da nosa estancia en Edimburgo para a nosa formación lingüística e metodoloxía CLIL coma en Dundee onde estivemos en diversos centros. Ademais aproveitamos a ocasión para observar diversas características da cultura escocesa.



REUNIÓN WINK NO IES Nº 1 DE ORDES

O luns 2 de decembro, tivemos unha reunión c@s soci@s do noso proxecto no IES nº1 de Ordes. Os temas a tratar foron: obter feedback da estancia en Escocia e posteriormente ir detallando a seguinte mobilidade a Austria.

PROXECTO CO ALUMNADO “ MOEDAS DO MUNDO”

A finais da pasada avaliación, a raíz da primeira mobilidade na cal os nosos mestres, Álex e Rocío estiveron uns días en Escocia, os alumnos de 5º puideron ver as libras, a moeda que se utiliza alí.

Isto despertou curiosidade en todos eles e por iso decidimos adicar unhas sesións de naturais e sociais para facer o proxecto de "moedas do mundo" coñecendo así outras moedas e as súas equivalencias co euro.

Grazas a súa gran implicación puidemos ver un montón delas, asique non o dubidedes e non vos podedes perder o seguinte vídeo, no cal se resume o seu gran traballo:

Vídeo: https://www.youtube.com/watch?v=PqDKjindMTU&feature=emb_logo

PROXECTO CON ESCOCIA “LET’S SHARING OUR BLACKVENTO CULTURE”

Como todos sabemos a primeira mobilidade que formou parte do erasmus + que están realizando os nosos mestres Álex e Rocío, tivo lugar en Escocia, foi aquí onde establecimos contacto co colexio no que estivo a nosa mestra de música durante dita estancia, para realizar un **proxecto en común** con eles. O centro escocés chámase Blackness School e despois de diversas conversas e trámites por fin nace o proxecto titulado " **Let’s our BlackVento culture**" tendo como obxectivo compartir experiencias dende o CEIP **Mesón do Vento** (España) ata o Blackness Primary School (**Escocia**).

O proxecto foi creado na plataforma Etwinning por nós mesmos, traballaremos mediante esta plataforma co outro centro, participará o noso alumnado de 5º e 6º e os alumnos escoceses de P.5 (10 anos aprox.), manterémosvos informados de todas as novidades colgándoas tanto no apartado de erasmus + como no de sección bilingüe, asique estade moi atentos.

PRIMEIRO ENVÍO DIRECCIÓN ESCOCIA

Os alumnos de 5º e 6º estivemos preparando unha das primeiras actividades que forman parte do proxecto "Let’s sharing our blackvento cultures", o proxecto que temos co colexio Blackness de Escocia.

Estivemos preparando un libro con imaxes e descripcións, tanto en inglés como castelán, do noso colexio, para que os nosos compañeiros escoceses o coñezan.

Esperamos que lles guste e agardamos con entusiasmo que nos chegue información deles!!=)

https://www.youtube.com/watch?v=XtfE2Y0JUbM&feature=emb_logo

POSTAIS REALIZADAS PARA O PROXECTO LET'S SHARING OUR BLACKVENTO CULTURES

Continuamos co noso proxecto con Escocia realizando actividades de nadal para eles, en esta ocasión creamos unhas postais felicitándolle o nadal os nosos amigos do Blackness primary School.

Vídeo: https://www.youtube.com/watch?v=w0lQm_sMyRQ&feature=emb_logo

RECIBIMOS AS PRIMEIRAS CARTAS DO BLACKNESS PRIMARY SCHOOL DE ESCOCIA

Hoxe chegaron ao noso centro cartas dos compañeiros do Blackness, o colexio co que estamos conxuntamente facendo o proxecto este ano, encantounos abrir todas as cartas e poder ver as fotografías do seu colexio.

Ademais dicir tamén, que dentro de todas elas había outras moi especiais, pois estamos intercambiando tamén cartas e cooperando no proxecto con outro centro, neste caso un colexio español das illas baleares.

Gracias a todos polas cartas recibidas e esperamos que as nosas cheguen axiña tamén.



Vídeo: https://www.youtube.com/watch?v=xE4PLFfcLXM&feature=emb_logo

VÍDEO RESUMO DAS CARTAS E LIBRO RECIBIDO DE ESCOCIA

Aquí vos deixamos unha mostra de todos as cartas e o libro coa fotografías que recibimos do Blackness primary school, esperamos que vos guste!!=)

Vídeo: https://www.youtube.com/watch?v=vsqJYy9RUDw&feature=emb_logo

DESCRIBINDO AOS NOSOS AMIGOS DE DUNDEE

A semana pasada recibimos cartas do colexio Blackness Primary School de Dundee como parte do noso proxecto de Erasmus +. Primeiramente, co alumnado de 6º collimos unhas cartas ao chou e comezamos a describilas diante dos nos@s compañeir@s. Temos uns amig@s en Dundee moi interesantes!

Vídeo: https://www.youtube.com/watch?v=glJQ83BUD1o&feature=emb_logo

MOBILIDADE A LISBOA:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmesonvento/?q=node/1052>

ERASMUS+ KA 101 MOBILIDADE A LISBOA:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmesonvento/?q=node/1053>

ERASMUS+ KA 101 MOBILIDADE A VIENA:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmesonvento/?q=node/1060>

CHÍO DO CAFI SOBRE A EXPOSICIÓN DE ALEX E ROCÍO SOBRE WINK:

<https://twitter.com/CAFIgalicia/status/1464621128681496582?t=mqjKgsizgHfHAMGx6gOMrQ&s=08>